

O Alcalde e os concelleiros do PP de Paradela, contrarios a que a Xunta cree emprego e ó dereito das mulleres para interromper libremente o embarazo

A voceira municipal socialista denuncia “a actitude ruín” dos membros do Partido Popular, que “que só están para apoiar as iniciativas que a eles lles interesan, demostrando que non gobernan para a maioría”

Mato e os seus edís votaron en contra das dúas mocións presentadas polo PSOE, e que inclúen, no primeiro dos casos, a creación, por parte da Xunta, dun plan específico de emprego xuvenil, que permita frear a sangría demográfica que sofre o Concello ante a ausencia de oportunidades para crear novos postos de traballo, e para as persoas maiores de 55 anos por ser este un colectivo de difícil inserción laboral

Os socialistas lamentan que o Goberno local se opuxese á petición de que o Goberno Central proceda á retirada inmediata do anteproxecto de Lei Orgánica sobre o Dereito do Concebido e da Muller Embarazada, xa que “é o maior retroceso para os dereitos da muller de toda a democracia”

PARADELA, 30 DE XANEIRO.- O Alcalde de Paradela –José Manuel Mato- e os concelleiros do Partido Popular manifestaron este xoves, no Pleno, o rexeitamento unánime a que a Xunta de Galicia impulse un plan de emprego na provincia, do que poder beneficiarse os veciños deste municipio, así como ó dereito das mulleres para interromper libremente o embarazo. Neste senso, a voceira municipal socialista –Sonsoles López Izquierdo- denuncia “a actitude ruín” dos membros do PP, “que só están para apoiar as iniciativas que a eles lles interesan, demostrando que non gobernan para a maioría”.

Deste xeito, Mato e os seus edís votaron en contra das dúas mocións presentadas polos socialistas, e que inclúen, no primeiro dos casos, a creación, por parte da Xunta, de iniciativas que permitan eliminar o uso partidista dos criterios aplicados polo Goberno galego no proceso de concesión dos obradoiros de emprego. Asemade, os socialistas tamén pediron que se elabore un plan específico de emprego xuvenil, que permita frear a sangría demográfica que sofren o Concello ante a ausencia de oportunidades para crear novos postos de traballo, e demandaron novas medidas destinadas ás persoas maiores de 55 anos por ser este un colectivo de difícil inserción laboral. Neste caso, os populares tamén se opuxeron á proposta do grupo municipal socialista co PP, as cifras do paro baten récords en Galicia e o desemprego sube por riba da media do Estado. Pero, tal e como comprobamos hoxe, non fan nin están dispostos a facer nada para evitar esta realidade”

“O PP de Paradela é cómplice deste ataque á moralidade das mulleres”

Asimesmo, os socialistas lamentan que o Goberno local non apoiase a moción presentada para esixir ó Goberno Central a inmediata retirada do anteproxecto de Lei Orgánica sobre o Dereito do Concebido e da Muller Embarazada por ser lesiva para as mulleres e supoñer un menoscabo dos seus dereitos.

A este respecto, Sonsoles López subliña que se trata “do maior retroceso para os dereitos da muller de toda a democracia”, e engade que “o PP de Paradela é cómplice deste ataque á moralidade das mulleres, que as converte nunhas meras xestadoras”.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo